



Fax: 981 715 028  
E-mail: concello.@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

R/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

### BASES DO XXII CERTAME DE DESFILE DE DISFRACES 2016 DO CONCELLO DE PONTECESO

Coa finalidade de promover e recuperar unha festa tradicional popular como é o Entroido, o departamento de Cultura do Concello de Ponteceso convoca este DESFILE de acordo coas seguintes bases:

#### **Primeira: Descrición**

Consistirá nun desfile de disfraces no que poderán participar tódolos públicos que se inscriban previamente neste concello antes do 4 de febreiro ás 12:00 h.

#### **Segunda: Pasacalle**

Saída da praza do Relleno ata o pavillón municipal ( se chove suspéndese e iremos directamente para o pavillón). Os/as participantes que opten a algunha axuda teñen a obriga de participar neste percorrido.

#### **Terceira: Axudas**

Co obxecto de fomentar a participación e colaborar economicamente na confección dos traxes, carrozas, etc., o Concello de Ponteceso convoca unhas axudas de acordo coas seguintes categorías:

GRUPOS DE 12 OU MÁIS PERSOAS	GRUPOS DE 6 a 11 PERSOAS	GRUPOS DE 5 OU MENOS PERSOAS, OU INDIVIDUAL
- Axuda máxima de 100 € a cada grupo que realice unha actuación e participe no pasacalle.	- Axuda máxima de 60 € a cada grupo que realice unha actuación e participe no pasacalle.	- Axuda máxima de 30 € a cada grupo ou persoa que realice unha actuación e participe no pasacalle.

\* existe un máximo de 1.000 € para o total das axudas (no caso de que haxa un maior número de participantes, este importe repartirase en proporción e diminuirían as cantidades máximas a percibir).

- É obrigatorio para optar ás axudas económicas: facer o pasacalle, subir ao palco a representar unha actuación non superior a 5' de duración (musical, teatral, etc. presentando, no momento da inscrición, a gravación musical ou material necesario para a actuación a interpretar) ou ben realizar unha exhibición das carrozas ou doutros acompañamentos.
- As axudas serán entregadas en metálico a aquelas persoas que se inscribieran previamente no concello. Aqueles grupos que se presenten no mesmo día terán que consultar coa organización a posibilidade de participar.

Unha vez lidas as condicións da participación no XXII Desfile de Entroido do Concello de Ponteceso, e aceptándoas, desexo participar no desfile:

Nº DE MEMBROS/AS:

TÍTULO DA OBRA:

DEIXO CD OU OUTRO MATERIAL PARA A INTERPRETACIÓN (máx. 5´):

BREVE DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN :

NOME, ENDEREZO E DNI DO/A RESPONSABLE:

CONTACTO:

En Ponteceso, a      de febreiro de 2016

Asina: